

Pleno do Concello de Oroso

Sesión especial de constitución da Corporación Municipal de Oroso, do 15/06/2019

Acta 08/2015

No salón de plenos da Casa do Concello, ás 12:30 horas, coa asistencia dos concelleiros electos:

Apelidos e nome	Lista electoral
María Isabel Fernández Gallego	BNG
Manuel Mirás Franqueira	PSdeG-PSOE
Vanesa Boo Martínez	PSdeG-PSOE
Antonio Leira Piñeiro	PSdeG-PSOE
Beatriz Rodeiro Fernández	PSdeG-PSOE
Luís Rey Villaverde	PSdeG-PSOE
Javier Alfonso Grela Mosquera	PSdeG-PSOE
José Manuel Mirás Pulleiro	Oroso Renovable
María Teresa Cendal Iglesias	Oroso Renovable
Alexander Doval Expósito	P.P
Lidia López Gándaras	P.P
José Carlos Mosquera Boo	P.P
Silvia Suárez García	P.P

Todos eles achegaron a credencial de concelleiro electo ante a Secretaría do Concello de Oroso, para o obxecto de ter a sesión especial de constitución da Corporación Municipal de Oroso.

Tamén asiste o interventor municipal, Félix Manuel Carrasco del Pozo e a Tesoureira Municipal, Dolores Cores Liste.

Actúa como secretario do Pleno que asina o secretario do concello Federico Suárez Cancelo.

Procédese a tratar os asuntos segundo a seguinte ORDE DO DÍA

- 1 Constitución da Mesa de Idade
- 2 Comprobación das credenciais e personalidade dos electos
- 3 Xuramento ou promesa dos concelleiros
- 4 Declaración de constitución da Corporación
- 5 Elección do alcalde
- 6 Xuramento ou promesa e toma de posesión do alcalde.
- 7 Dación de conta do arqueo e documentación xustificativa, e do inventario de bens do Concello.

I PARTE RESOLUTORIA

1 Constitución da Mesa de Idade

O secretario da Corporación solicitalle ao concelleiro electo de maior idade, D. Manuel Mirás Franqueira, que pase a presidir a Mesa, acompañado, como vogal, do concelleiro electo de menor idade, D. Alexander Doval Expósito co fin de iniciar a constitución da Corporación (artigo 195.2 da

Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral e artigo 37.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Constituída a Mesa de Idade, polos concelleiros de maior e menor idade antes ditos xunto ao secretario xeral da Corporación, o presidente declara aberta a sesión.

2 Comprobación das credenciais e personalidade dos electos

O secretario da Corporación manifesta que a Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela, estendeu a acta de proclamación do resultado das eleccións municipais que tiveron lugar o 26/05/2019 na circunscrición electoral de Oroso certificando o número de electores, o número de votantes, de votos a candidaturas, de votos en branco, de votos nulos, o número de votos e electos obtidos por cada candidatura, así como tamén a relación nominal de concelleiros electos para o municipio de Oroso, segundo o resumo seguinte (artigo 108.5 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral):

Número de electores	5.872	
Número de votantes	4.332	
Número de votos a candidaturas	4.250	
Número de votos en branco	44	
Número de votos válidos	4.294	
Número de votos nulos	38	
Candidatura	Votos obtidos	Número de electos
Partido dos Socialistas de Galicia – Partido Socialista Obreiro Español	Mil oitocentos oitenta (1.880)	6
Partido Popular	Mil trescentos vinte sete (1.327)	4
Oroso Renovable	Quiñentos trinta e nove (539)	2
Bloque Nacionalista Galego	Trescentos oitenta e dous (382)	1
Ciudadanos – Partido de la ciudadanía	Cento vinte dous (122)	0

De acordo co resultado reflectido, a Xunta electoral proclamou concelleiros electos aos candidatos coa seguinte relación nominal:

Apelidos e nome	Lista electoral
María Isabel Fernández Gallego	BNG
Manuel Mirás Franqueira	PSdeG-PSOE
Vanesa Boo Martínez	PSdeG-PSOE
Antonio Leira Piñeiro	PSdeG-PSOE
Beatriz Rodeiro Fernández	PSdeG-PSOE
Luís Rey Villaverde	PSdeG-PSOE
Javier Alfonso Grela Mosquera	PSdeG-PSOE
José Manuel Mirás Pulleiro	Oroso Renovable
María Teresa Cendal Iglesias	Oroso Renovable
Alexander Doval Expósito	P.P
Lidia López Gándaras	P.P
José Carlos Mosquera Boo	P.P
Silvia Suárez García	P.P

NON CONSTA a presentación de reclamación, protesta ou recurso ante a dita proclamación.

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos, persoais enviando ao concello unha carta debidamente estibada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIE ou documento que acredite a súa identidade.

O secretario da Corporación informa de que todos os concelleiros presentaron a credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona e que presentaron na Secretaría do Concello a preceptiva declaración para a inscrición no Rexistros de bens patrimoniais e no Rexistro de actividades.

3 Xuramento ou promesa dos concelleiros

O presidente, D. Manuel Mirás Franqueira, anuncia que acto seguido os concelleiros electos teñen que prestar o xuramento ou promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo segundo a seguinte fórmula (artigo 108 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral en relación co Real decreto 707/1979, do 5 de abril):

“Xuro/prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade a El Rei, gardando e facendo gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”

Os concelleiros electos, proceden a continuación a xurar ou prometer o cargo:

Apelidos e nome	Promete	Xura
María Isabel Fernández Gallego	X	
Manuel Mirás Franqueira	X	
Vanesa Boo Martínez	X	
Antonio Leira Piñeiro	X	
Beatriz Rodeiro Fernández	X	
Luis Rey Villaverde	X	
Javier Alfonso Grela Mosquera		X
José Manuel Mirás Pulleiro		X
María Teresa Cendal Iglesias	X	
Alexander Doval Expósito		X
Lidia López Gándaras		X
José Carlos Mosquera Boo		X
Silvia Suárez García		X

4 Declaración de constitución da Corporación

Logo de cumprir os trámites preceptivos, o presidente da Mesa de Idade, no exercicio das facultades que lle atribúe a lexislación vixente, PROCLAMA FORMALMENTE CONSTITUÍDA A CORPORACIÓN MUNICIPAL DE OROSO.

5 Elección do alcalde

O presidente anuncia que, de seguido, procederase á elección de alcalde.

Lembra que poden ser candidatos os cabezas de lista de cada candidatura e que se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros será proclamado electo.

Se ningún obtén a dita maioría, será proclamado alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares nas eleccións. No caso de empate, resolverase por sorteo.

Os electores serán os concelleiros proclamados electos.

Antes de proceder á votación pregunta se algún deles retira a súa candidatura. D^a. María Isabel Fernández Gallego (BNG) manifesta a súa intención de retirar a súa candidatura.

O secretario indica que son candidatos a alcalde do Concello de Oroso os seguintes concelleiros que encabezan as correspondentes candidaturas:

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Avenca Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos, persoais enviando ao concello unha carta debidamente estibada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIE ou documento que acredite a súa identidade.

Manuel Mirás Franqueira (Partido dos Socialistas de Galicia – Partido Socialista Obrero Español – PSdeG-PSOE)

Alexander Doval Expósito (Partido Popular – P.P).

José Manuel Mirás Pulleiro (Oroso Renovable - OR)

Efectúase unha votación secreta (artigo 19 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local en relación co artigo 5 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral).

O escrutinio dá o seguinte resultado:

CANDIDATOS	Votos obtidos
Manuel Mirás Franqueira	7
Alexander Doval Expósito	4
José Manuel Mirás Pulleiro	2
VOTOS EN BRANCO	0
VOTOS NULOS	0
TOTAL	13

Á vista do escrutinio queda proclamado alcalde electo do Concello D. Manuel Mirás Franqueira que encabeza a lista presentada polo Partido dos Socialistas de Galicia – Partido Socialista Obrero Español – PSdeG-PSOE

6 Xuramento ou promesa e toma de posesión do alcalde

A continuación o presidente da Mesa de Idade invita ao Alcalde electo a xurar ou prometer o cargo conforme á seguinte fórmula: (artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; artigo 40.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e artigo 1 do Real Decreto 707/1979, do 5 de abril).

“Xuro/prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde, con lealdade a El Rei, gardando e facendo gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”

O alcalde electo D. Manuel Mirás Franqueira promete pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde, con lealdade a El Rei, gardando e facendo gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

A continuación o presidente da mesa invítalo a ocupar a mesa presidencial e procede a disolver a Mesa de Idade.

A representante da mesa de menor idade procede a entregarlle o bastón de mando tomando posesión do mesmo como alcalde do Concello de Oroso e pasando a ocupar, acompañado do secretario da Corporación, a Presidencia do Pleno do Concello.

O alcalde dirixe un saúdo aos concelleiros e público asistente, prometéndose, coa colaboración de todos e de cada un deles, cumprir cos obxectivos desta lexislatura.

7 Dación de conta do arqueo e documentación xustificativa, e do inventario de bens do Concello.

A continuación toma a palabra ao secretario para que de conta da Acta de Arqueo e do inventario do Patrimonio municipal dos que resulta o seguinte:

Existencias	1.873.905,86 euros
Inventario do Patrimonio municipal	Valor Neto: 41.551.585,67 euros

E sen ter máis asuntos que tratar, o alcalde da por rematada a sesión ás 13:00 horas, da que se estende a presente acta.

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos, persoais enviando ao concello unha carta debidamente estibada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIE ou documento que acredite a súa identidade.

CVD: a7SnXlv0Qz9Rs74d6iV1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En cumplimiento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Avenca Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostedes poderán, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos, personais enviando ao concello unha carta debidamente estibada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.



Como secretario dou fe do seu contido co visto e prace do Sr. Alcalde en Oroso asinado dixitalmente por ambos.

V^oP^a
O Alcalde,
Manuel Mirás Franqueira

O Secretario,
Federico Suárez Canelo.